

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. PARA A DINAMIZACIÓN E IMPULSO DOS VIVEIROS INDUSTRIAIS DOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS DA PROVINCIA DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Industria da Consellería de Economía, Industria e Innovación, **DECLARA:** Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación formalizou co Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (en adiante TECNÓPOLE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento das actuacións dirixidas a dinamizar e consolidar os viveiros industriais activos, inactivos e en construción sitos na provincia de Ourense, e que os obxectivos principais que se perseguen con estas actuacións son os seguintes:

- Fortalecer a capacidade emprendedora creando un ambiente axeitado para o desenvolvemento industrial.
- Favorecer a reindustrialización e promover o desenvolvemento económico no eido local.
- Atraer e facilitar a implantación de novos proxectos industriais.
- Aumentar a taxa de supervivencia das empresas durante os seus primeiros anos de vida minimizando os custos ao inicio da súa actividade.
- Xerar emprego de calidade baseado no desenvolvemento de ideas de negocio que enriquezan as cadeas de valor das actividades industriais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

TECNÓPOLE é unha sociedade mercantil pública autonómica responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais, mantén vínculos activos de colaboración con universidades, centros de investigación e empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

Esta entidade ofrece ás empresas, startups, emprendedores e centros tecnolóxicos e de investigación os espazos, as infraestruturas, os servizos e os recursos necesarios para que desenvolvan todo o seu potencial. Conta cun programa de aceleración de empresas baseada nunha metodoloxía centrada na realización de itinerarios personalizados, formación, mentorización e visibilización dos participantes, validada ao longo de todas as edicións e valorada como excelente entre as empresas participantes. Dentro dos programas de aceleración, participan



no Programa Galicia Avanza especializado na comercialización internacional da innovación; o Programa Agrobiotech Innovación, dirixido a PEMES dedicadas a biotecnoloxía, biomasa e agroalimentación; e o Programa Connect-19 dirixido a impulsar a comercialización de solucións innovadoras para contribuír á redución do impacto social e económico provocado pola covid-19.

TECNÓPOLE está comprometida co desenvolvemento sostible, a igualdade de xénero e a divulgación científica.

Que, en liña coa competencia de identificación e desenvolvemento de novas actividades industriais, a Consellería de Economía, Industria e Innovación promoveu, en colaboración con TECNÓPOLE, a posta en marcha da estratexia de viveiros industriais na provincia de Ourense, que ten como obxectivo o establecemento dunha rede de infraestruturas e servizos que acheguen valor engadido e permitan a implantación e fixación de novos proxectos industriais, constituíndo un apoio moi importante para as persoas promotoras nas súas primeiras etapas de actividade e contribuíndo ao éxito final do proxecto.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio noventa e cinco mil euros (**95.000 €**). Esta cantidade financiarase con cargo á aplicación orzamentaria, código de proxecto e anualidade seguintes:

Código proxecto	Aplicación orzamentaria	2024	TOTAL
2024 0045	09.02.732A.741.16	95.000€	95.000€

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O secretario xeral de Industria,

Nicolás Vázquez Iglesias

